Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A ponte de Pontedeume

Un dos señores de Andrade tiña unha filla chamada Minla que andaba moceando cun rapaz do outro lado do río que atendía por Ledán.

Ledán namorado cruzaba a nado o río todas as tardes para ver a súa moza mais nunha daquelas travesías sorprendeuno unha treboada. Lendán morreu afogado diante dos ollos da súa amada, que vía o seu corpo a mercé das ondas sen podelo socorrer. O demo, atento ás desgrazas alleas, achegouse a Minla e ofreceulle axuda:

Se me dás a túa alma, ao amencer heiche ter feita unha ponte!

A moza aceptou coa condición de que a ponte estivese rematada antes de que cantase o galo do curral dos Andrade.

O demo traballou toda a noite e foi quen de facer case setenta e un arcos de cantería. Ao alborexar cantou o galo dos Andrade e aínda quedaba un arco por rematar.

Así salvou a alma Minla e o demo quedou retorto, pois a dama puido cruzar ao outro lado dando un pequeno chimpo sobre o arco inacabado.

[Enviado por lesath en maio de 2008]

Ver mapa más grande.

